Num. 229

FOUCE

Febreiro 2005

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

A agricultura labrega xógase o seu futuro no referendo á Constitución Europea

■ O texto constitucional proposto opta por un modelo agrícola produtivista que seguirá provocando o peche de miles de explotacións e a desertización do noso agro.

■ O SLG iniciou unha campaña para informar aos labregos e labregas sobre as consecuencias desta Constitución, e para animar á xente a que vote non o 12 de febreiro. **Páxs. 2, 3, 5 e 16**



O sector ovino mobilízase contra as novas normas na retirada de animais non bovinos

As delegacións de Política Agroalimentaria en Ourense e Lugo foron os escenarios no que centos de afectados e afectadas protestaron polas novas obrigas na retirada de cadáveres de animais non bovinos das explotacións. Mercar un contedor para depositar os animais mortos, ou ter que contratar seguros que cubran a retirada, poderíanse engadir ao suma e sigue dos gastos das explotacións. Na imaxe, o encontro co xefe do Servizo de Sanidade e Produción Animal e Vexetal de Lugo. **Páxs. 8 e 9**



Política Agroalimentaria seguirá sen dar solucións aos problemas do agro

O 19 de xaneiro, o Conselleiro de Política Agroalimentaria, Xosé Antonio Santiso Miramontes, presentaba con moito rebumbio as súas "novas iniciativas e plans estratéxicos para a agricultura e a gandería no 2005". Aínda que a cousa soaba ben, unha vez analizado o seu programa de traballo, o SLG descubriu que seguirán sen tocar os problemas estruturais máis fondos que arrastra o agro galego dende hai décadas. **Páx. 7**

Política Agroalimentaria e Medio Ambiente convocan novas axudas

A moitas das axudas convocadas por Política Agroalimentaria en decembro, súmanse agora novas subvencións que se publicaron en xaneiro, tanto por parte desta Consellaría como pola de Medio Ambiente: compensacións á suba do gasóleo; danos do lobo; as fomento de accións en parques naturais; ou as destinadas a superficies, primas gandeiras e láctea, e indemnización compensatoria. **Páxs. 13 a 15**



TÁBOA

■ **Galiza**

Medio Ambiente alíase coa industria para certificar montes

Tal e como era de prever, a Consellaría de Medio Ambiente vén de consumar o seu apoio ao sistema de certificación forestal FESC ao deixarlle 50.000 hectáreas de monte galego. Deste xeito, alíase cos intereses das industrias madeireiras e marxina ao sistema FSC, que garante valores sociais e ecolóxicos. **Páx. 6**

■ **Muller**

A piques de sair á luz a Lei contra a Violencia de Xénero

Cando pechara este Fouce, xa estaba a piques de saír á luz a "Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero". Dende a Secretaría da Muller do SLG pedirase que se contemple a especificidade das labregas. **Páx. 11**

■ **Agroecoloxía**

Gabino Vázquez vulnera de novo a lei nos plenos do Craega

Semella que ao presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega), pouco lle importan as normas establecidas e as leis vixentes. Así, convoca plenos coa periodicidade que lle peta, ou segue negándose a facilitarlle documentación á vocal do SLG. **Páx. 12**

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º, Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: foucesIg@terra.es
www.sindicatolabrego.com

Publicación subvencionada por:

DEPUTACION DA CORUÑA

FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Xosé García
Colaboracións: *Isabel Vilalba, Vitor Otero, Carme Freire, Xosé Antón Ledo, Silvia González, Xosé Pérez Rei, e Lidia Senra.*
Deseño e maquetación:
Xosé García
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
Depósito Legal: C-749/88

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERRAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO
Antigo centro de saúde.

O agro galego xógase o seu futuro no referendo á Constitución Europea

O SLG pedirá o non para un texto constitucional que aposta por unha política destrutora do medio rural

Ante a inminencia do referendo sobre a Constitución Europea, o SLG iniciou unha campaña para pedir o non. A través de carteis, dípticos, charlas informativas e roldas de prensa ao longo de toda Galiza, o Sindicato Labrego tentará achegarlle á sociedade galega as moitas e poderosas razóns que os labregos e labregas de Galiza teñen para dicir non ao texto constitucional. Unha vez máis, os labregos e labregas de Galiza xóganse o seu futuro.



O sindicalismo galego coincide á hora de pedir o non ao texto constitucional europeo

O comezo da campaña do SLG para pedir o non á Constitución Europea estivo marcado por actos como unha rolda de prensa conxunta coa Confederación Intersindical Galega (CIG), ou a presentación oficial en Ourense, ambos celebrados a finais de xaneiro.

A rolda de prensa do SLG e a CIG tivo por protagonistas ás persoas responsábeis das súas respectivas secretarías xerais: Lidia Senra e Xesús Seixo. Senra enfocou a súa intervención dende o punto de vista labrego, deixando claro que "non podemos aceptar un texto constitucional onde non se elabora unha carta de dereitos e deberes dos cidadáns e que pretende consolidar un modelo de desenvolvemento económico que leva á destrución do modo de produción labrego, que é o único válido para garantir unha agricultura sostíbel".

A Secretaria Xeral do SLG explicou que esta Constitución non contempla o dereito á **soberanía alimentaria**, que é "o dereito de todo pobo -e nós como pobo galego tamén o reivindicamos- a definir as políticas agrarias e alimentarias que consideremos necesarias para a nosa cidadanía".

Pola contra, "esta constitución parte do principio de consolidar a **importación** de produtos agrícolas e dar prioridade á **exportación** na política agraria europea. Iso dificulta e impide o noso dereito á soberanía alimentaria e a definir a política agraria e alimentaria que nos interesa e o dereito a producir para alimentar á nosa propia cidadanía".

Outro tema abordou Lidia Senra foi o da alimentación, "que para nós é un dereito humano básico, o dereito que ten toda persoa de acceder a unha alimentación en cantidade suficiente, pero tamén san, segura e nutritiva". Dende esta perspectiva, "se partimos dun texto constitucional que lle dá o mesmo tratamento ao comercio de alimentos que ao comercio de parafusos ou vehículos, está claro que os poderes públicos non van garantir en ningún intre este dereito á alimentación que a cidadanía ten".

Un modelo produtivista que só beneficia a industrias e distribuidoras

Unha das principais eivas desta Constitución é que "define como obxectivo principal da política agraria europea a **produtividade agrícola**. Sabemos que cando se fala de incremento da produtividade fálase de aumentar a produción por man de obra. Aquí, en Galiza, e no resto de Europa, xa somos demasiado produtivos, xa nos levaron a ter unhas explotacións que nos obrigan a traballar cada vez máis. Seguir incidindo nesta idea é seguir despoboando o medio rural, seguir eliminando postos de traballo, aumentando a intensificación da produción, seguir contaminando e seguir destruíndo o medio ambiente. A aposta pola produtividade da constitución significa seguir destruíndo o medio rural e postos de traballo, seguir ofrecendo unha alimentación cada vez máis insegura e, en definitiva, consagrar un modelo de desenvolvemento na agricultura ao servizo das transnacionais agro-químico-farmacéuticas".

En canto ao **medio ambiente**, Lidia Senra dixo que "dende o SLG, temos moi claro que o modelo de agricultura debe respectar o medio ambiente. Agora, o que non nos parece ben é que nos falen de respectar o medio ambiente cando a agricultura que se está impoñendo e que se está a promover dende as instancias políticas é totalmente agresiva. Na propia Constitución fálase de abordar as problemáticas medioambientais dende a perspectiva de quen contamina paga, é dicir, quen teña capacidade económica para pagar pode contaminar o que lle pete; un labrego ou unha labrega non van poder moverse dentro dos mesmos parámetros porque non van ter capacidade económica ".

Respecto das **organizacións labregas**, Senra "a Constitución Europea non as recoñece como interlocutores. Cita a posibilidade de realizar consultas en varias partes nas que fai referencia á agricultura, pero nunca cita como organismos aos que se lles deba consultar ás organizacións agrarias europeas. A nós isto parécenos grave e supón perder dereitos que hoxe temos recoñecidos as organizacións que representamos aos labregos e labregas".

A cara fea da Constitución

A Constitución Europea que nos pretenden impoñer, vendéndonos a súa cara máis bonita, agacha na maraña do seu articulado algúns principios que serían máis que suficientes, dende unha perspectiva labrega, para votar non. E iso sen contar con aqueles outros principios que nin sequera menciona, como os dereitos á alimentación ou á soberanía alimentaria, co que se deixa ao pobo galego sen capacidade para poder decidir as políticas agrarias que máis lle conveñan. A continuación, cítanse algúns artigos, o que implican, e a alternativa do SLG.

Que di a Constitución?	Que significa?	Que propón o SLG?
"Artigo III - 23.- Os obxectivos da política agrícola común serán: **a)** incrementar a produtividade agrícola, fomentando o progreso técnico, asegurando o desenvolvemento racional da produción agrícola, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular, da man de obra".	Este artigo afirma que se vai apostar por aumentar a produción por man de obra. Iso significa traballar cada vez máis e optar por modelos agrícolas que poñan por diante a cantidade antes que a calidade. É dicir: contaminar, producir alimentos insáns e cheos de residuos químicos, destruír postos de traballo e explotacións para concentrar a produción só nunhas poucas mans, desertización e abandono do medio rural e, o que máis lle interesa aos políticos que gobernan a Unión Europea, proporcionar un subministro constante de materia prima moi barata para que a industria aumente ao máximo os seus beneficios.	A alternativa que defende o SLG, contra este modelo, é a do xeito de produción labrego. Unha agricultura diversa e que respecta o medio ambiente e a saúde das persoas -tanto dos labregos e labregas, coma de quen merca os alimentos-; unha agricultura baseada nuns prezos dignos que cubran os custes de produción e o traballo agrario e que, polo tanto, sexa un xeito de gañarse a vida atractivo para a xente nova. Unha agricultura que trata de ti a ti aos consumidores e consumidoras, que anima á mocidade a ficar no rural e que constrúe parroquias e aldeas vivas e con futuro.
"**Artigo III - 129. 2.-** A política da Unión no ámbito do medio ambiente terá como obxectivo alcanzar un nivel de protección elevado (...) Basearase nos principios de cautela e de acción preventiva (...) e no principio de quen contamina paga".	Esta é unha maneira de quedar ben coas grandes industrias contaminantes e non solucionar os graves problemas medioambientais que padecemos. O principio de "quen contamina paga", deixará que as fábricas e empresas máis ricas sigan contaminando o que lles pete a cambio de ceder unha insignificancia dos seus beneficios para pagar multas. É dicir, quen teña cartos poderá seguir envelenando o aire, a terra e as augas. Pola contra, os labregos e labregas, aos que se lles está obrigando dende a propia Constitución a optar por un modelo produtivista e contaminante, veranse prexudicados moitas veces por multas que, se cadra, non poderán custear, e verán aínda máis minguadas as súas rendas e a viabilidade das súas explotacións.	O modelo de agricultura labrego que propón o SLG parte do respecto polo medio ambiente, e pola menor utilización posíbel de insumos que poidan contaminar, aínda que sexa a niveis permitidos, as augas, a terra, o aire ou os alimentos producidos. A aposta do SLG polo devandito é clara, pois sabemos que nela xógase a saúde de quen traballa a terra e de quen consume os seus froitos.



O Secretario Xeral da CIG, Xesús Seixo, denunciou o sistema económico ultraliberal que pretende implantar a Constitución

A Constitución impide aos estados facer políticas sociais progresistas

O Secretario Xeral da CIG, Xesús Seixo, comezou a súa intervención afirmando que "estamos diante dun documento de grande importancia estratéxica, pois define a política económica e social que se pode facer no marco da Unión Europea".

Ese modelo que consagra o texto constitucional e que denuncia Seixo "é claramente de carácter ultraliberal". Neste senso, explicou que "aínda que se recoñece o dereito a traballar, o emprego deixa de ser un dereito. Ás políticas sociais tamén se lles dá un carácter marxinal e sempre segundo os intereses do mercado. Estamos a falar de aspectos clave para facer calquera política progresista que teña un claro contido social e propicie unha redistribución da riqueza. Son eses aspectos, precisamente, aos que se lles esixe a unanimidade de todos os estados da Unión para facer calquera cambio".

Outro punto sobre o que chamou a atención Xesús Seixo foi que, curiosamente, "un dos apartados nos que si se lle recoñece a obriga dos estados a facer investimento e a mellorar é nas infraestruturas armamentísticas".

Engadiu que, "os servizos públicos non se consideran esenciais para a poboación, senón que se converten en servizos de interese económico xeral, co cal se lles vai tratar como actividades económicas, posibilitando a súa privatización".

Fronte a isto, Seixo avogou por outra Constitución Europea que garanta un sistema de Seguridade Social, unha fiscalidade progresiva, o pleno emprego estábel, a actualización dos salarios, o mantemento do poder adquisitivo, o dereito a unha vivenda digna, o dereito á soberanía das nacións sen estado que forman parte da Unión Europea, ou unha política internacional baseada na paz e na solidariedade.

nº 229
Febreiro de 2005
FOUCE

Walmartización e control

por Silvia Ribeiro*

Por primeira vez na historia, marcando o comezo do século XXI, a empresa máis grande do mundo non foi unha petroleira nin un fabricante de automóbiles, senón Wal Mart, unha cadea de supermercados. O seu valor simbólico pesa tanto como a realidade que constitúe: é o "trunfo" do anónimo por excelencia, a substitución das relacións persoais cotiás nos actos máis comúns a todos como alimentarnos, provernos de artigos domésticos, ferramentas e ata medicinas; por relacións estandarizadas e mercantís nas que cada vez sabemos menos como, quen, onde ou en que condicións se produce o que mercamos. Teoricamente, pódese mercar todo baixo o mesmo teito e, ademais, "máis barato", aínda que isto non sexa máis ca una ilusión individual que, en realidade, nos pode custar moi cara. Mercar hoxe en Wal Mart pode significar perder o traballo propio ou o de alguén da familia ou da comunidade máis adiante.

A súa política de "prezos baixos" mantense mentres, na mesma localidade, haxa outras tendas. Cando estas se ven na obriga de pechar ou mudarse, non hai nada que lle impida subir os prezos o cal, segundo a Asociación Nacional de Tendas de Autoservizo e Departamentais, ocorre o 30% das ocasións. Wal Mart foi devastadora para as economías locais das comunidades onde se estableceu e, segundo Wal Mart Watch, organización de persoas afectadas polo xigante en Estados Unidos, por cada dous empregos que xera nunha comunidade, pérdense tres.

Ocupa o posto 19 entre as cen economías máis poderosas do planeta, das cales 49 son países. A viúva e os catro fillos de Sam Walton -o seu fundador- controlan o 38% das accións da transnacional; no 2004, ocuparon o sexto posto da lista Forbes das persoas máis ricas do mundo, con 20.000 millóns de dólares cada un. Se Sam Walton vivise, a súa fortuna persoal duplicaría á de Bill Gates, creador de Microsoft, número un da lista con 46.000 millóns. Ambos son unha clara expresión dos megamonopolios modernos e o control que exercen sobre os consumidores. Wal Mart, non embargante, é un exemplo máis contundente, polo espectro de produtos que abrangue e polo control que exerce, ademais, sobre os provedores, produtores e políticos.

É a maior cadea de vendas directas ao consumidor en América do Norte, e ten a maioría do mercado en Estados Unidos e México. No primeiro deles posúe 3.111 tendas Wal Mart e 550 Sam´s Club. En México, xa obtivo o 54% do mercado, con 687 tendas en 71 cidades, incluíndo Wal Mart, Sam's Club, Bodegas Aurrerá, Superama e Suburbia, ademais dos restaurantes Vips, El Portón e Ragazzi. Ten anacos moi significativos do mercado de Canadá, Reino Unido, Brasil, Alemaña e Porto Rico, e está ascendendo en varios outros, como Xapón.

É o maior empregador privado de Estados Unidos e México. Nas súas poucas décadas de existencia acumulou un historial impresionante de demandas por non permitir a sindicalización dos seus empregados e moi8tas outras que cobren case todo o espectro imaxinábel de violacións laborais: discriminación a traballadores discapacitados, discriminación sexual, traballo infantil, falla de cobertura de saúde e tempo extra non pagado. En Estados Unidos, só o 38% dos seus traballadores conta con cobertura médica, e os salarios son, en promedio, un 26% máis baixos que noutros empregos semellantes. Ata decembro de 2003 había 39 "accións de clase" (demandas colectivas) na súa contra en trinta estados de Estados Unidos por falla de pago de horas extras. Nunha redada realizada en outubro de 2003 en 61 supermercados de 21 estados dese país, atopáronse 250 traballadores indocumentados (por suposto, en condicións peores que os anteriores). En xuño de 2004, aprobouse contra Wal Mart a maior "acción de clase" da historia, que representará a máis de 1.600.000 mulleres que sufriron discriminación de xénero como empregadas da compañía dende 1998.

Os prezos baixos de Wal Mart non só se basean na explotación dos seus empregados nos países onde reside. Fundamentalmente, son produto da utilización sistemática de *maquiladoras* en condicións de extrema explotación. Unha traballadora dunha destas *maquilas* en Bangladesh dixo a *Los Angeles Times*, o 24 de novembro de 2003, que o seu horario normal era de 8:00 da mañá a 3:00 da madrugada, facendo entre dez e quince días seguidos por vez para poder sobrevivir co nivel de pagos que fixaba Wal Mart. E o xerente desta *maquila* queixouse ao mesmo xornal, xa que "debían mellorar, porque Wal Mart agora acadaba mellores resultados en China".

Pero, aínda que terríbel, a explotación laboral é só un dos "efectos Wal Mart". Existen moitos outros, que van dende a manipulación dos provedores e a súa influencia nas cadeas de produción ata a utilización, sen informar aos consumidores, de etiquetas de prezo que son lidas a distancia, por radiofrecuencia, cuxo efecto continúa ata as nosas propias casas. O control semella ser a clave da *walmartización*.

Alimentando ao Gran Irmán

Os supermercados son o sector da cadea alimentaria que move máis volume de capital. Segundo os analistas, poderían mesmo devorar aos elos anteriores, tales como procesadores de alimentos e bebidas, distribuidores, compañías de insumos agrícolas e ata aos labregos e labregas. Dependerá só de se lles dá máis ganancias ter toda a cadea baixo o mesmo teito, ou deixar que outras empresas compitan entre si e corran os riscos e conflitos de cada sector. De calquera dos dous xeitos, o efecto é a concentración en cada vez menos mans polo control que exerce o enorme poder de compra das cadeas como Wal Mart, Carrefour, Ahold ou Tesco.

Wal Mart destaca particularmente porque, ademais de ser a maior empresa do mundo, os seus ingresos totais son catro veces maiores que os do seu competidor máis achegado, e superan as vendas combinadas dos catro que lle seguen na lista de supermercados do planeta. Sendo, ademais, o maior vendedor directo de comestíbeis a nivel global, ten unha influencia enorme en que e como se produce. Xa se mete, por exemplo, na agricultura por contrato, directamente cos produtores. No eido farmacéutico, Wal Mart ocupa o terceiro lugar de vendas.

Coma se non fose abondo co control económico que exerce a partir do seu crecente monopolio, Wal Mart tamén está na vangarda tecnolóxica dos sistemas de control. Xa está aplicando en tres cidades dos Estados Unidos a substitución dos códigos de barras das etiquetas de prezos de varios produtos por sistemas de identificación a través de radiofrecuencia. Trátase dun sistema de etiquetado no que se usa un chip electrónico do tamaño dun gran de arroz -ou menor, mesmo do tamaño dun gran de area- que contén información sobre o produto, a cal é captada remotamente por unha frecuencia de radio que a transmite a un computador. O chip almacena moitos máis datos que os códigos de barra e pode incluír outro tipo de información, inclusive en produtos perecedoiros. O problema é que o sinal do chip non deixa de funcionar ao saír do supermercado, senón que o acompaña á súa casa. Segundo Wal Mart, o consumidor tería a opción de pedir na caixa que se desactive o chip, pero non informou de que existe esa posibilidade. As primeiras experiencias foron con produtos de Gillete e Procter & Gamble, pero tamén Unilever, Johnson & Johnson, Kimberly Clark, Kraft Foods, Nestlé, Purina, Hewlet Packard, Coca Cola, Kodak, entre outras compañías, están facendo "experiencias de campo" coa aplicación deste sistema.

A comezos do 2004, Wal Mart comunicou aos seus cen provedores principais en Dallas que debían aplicar o sistema de identificación por radiofrecuencia para xaneiro de 2005. Nunha primeira etapa sería a nivel de tarimas de carga e de caixas de embalaxe, é dicir, non necesariamente no produto que despois vai venderse directamente ao consumidor, senón na entrega de produtos ao por maior a Wal Mart. Deste xeito, simplificaríanse as rutinas de recepción, depósito, entrega a filiais, etcétera, permitindo un control máis exacto. En novembro, anunciou que o meirande dos provedores cumprirían o prazo e que, ademais, engadiríanse 37 provedores máis de xeito voluntario. Pero é só cuestión de tempo e de redución dos custes do chip, para que este sexa o xeito de identificación de todos os produtos en venda directa. Mesmo hai compañías desenvolvendo sistemas a nivel nanotecnolóxico coa mesma fin que serán máis potentes e invisíbeis ao ollo humano.

Na práctica, isto significará, por exemplo, que un cliente que rexistra a súa tarxeta de pago ao entrar ou saír do supermercado podería cargar os seus produtos e saír do supermercado sen pasar por caixa. Pero, ademais, Wal Mart e os fabricantes -e quen acceda á radiofrecuencia- terían información exacta de quen, que, cando, canto e onde se usan ou quedan os produtos, etcétera.

Aínda que Wal Mart non é o único en usar esa tecnoloxía -tamén a está a experimentar Tesco no Reino Unido, Metro e Carrefour están en plans; Home Depot e outros xa a están probando-, é o que ten forza para acelerar e xeneralizar o seu uso.

Significativamente, quen se adiantou a Wal Mart nesta esixencia foi o Departamento de Defensa de Estados Unidos, que o aplica aos seus provedores dende outubro de 2004. Seguramente, Orwell revólvese no seu sartego: estes novos pequenos irmáns tecnolóxicos chegan moito máis lonxe que o Gran Irmán.

A *walmartización* como paradigma do "mundo feliz" que nos deparan as transnacionais necesita da nosa ignorancia e anuencia pasiva. Paradoxalmente, quen consuman o que producen ou estean en circuítos locais ou comunitarios de consumo e non empreguen tarxetas de crédito ou débito -ou sexa, o meirande dos habitantes do planeta- quedarán fóra do alcance deste novo sistema de control. Con todo o seu poderío, Wal Mart e as transnacionais necesítannos para vivir. Nós non as necesitamos.

***Silvia Ribeiro** é investigadora do *Action Group on Erosion, Technology an Concentration*, e colaboradora de Vía Campesina.

20 de febreiro: manifestémonos votando NON

por Lidia Senra

Amiga, amigo.

O vindeiro día 20 de febreiro, o Goberno do Estado chámanos a votar no referendo da Constitución Europea.

Dende o Sindicato Labrego Galego (SLG), pensamos que é unha grande oportunidade para que os labregos, as labregas, e as persoas que vivimos no medio rural, nos mobilicemos votando NON á Constitución Europea.

Sóbrannos razóns para darlle o NON.

O que imos votar non é unha constitución entendida como unha carta de dereitos e deberes dos cidadáns, das cidadás e dos pobos. Con esta constitución, pretenden impedir que calquera partido político que acceda a gobernar poida cambiar a agricultura, aínda que queira facelo, xa que pretenden consolidar a política agraria actual que, como moi ben sabemos, baséase na caída dos prezos dos nosos produtos, na eliminación das explotacións, e na desaparición do rural como un espazo onde vivir e traballar.

Se esta Constitución se aproba, nin o Goberno, nin a Comisión Europea, nin o Parlamento Europeo, poderían aprobar unha política agraria diferente. So poderían facelo cambiando a Constitución Europea, pero iso non é doado.

Os que gobernan agora, pretenden blindar esta política agraria para garantirlle ás grandes empresas agroalimentarias e da distrubución que, goberne quen goberne, elas van seguir levando todos os beneficios.


Outra cousa moi preocupante desta Constitución Europea é a privatización dos servizos públicos. Os gobernos deixarían de facerse cargo do ensino, da sanidade, da atención ás persoas maiores, etcétera. En definitiva, consagraría un modelo no que quen teña cartos estará atendido; e o resto, que somos a grande maioría, volveremos ás épocas onde, se había a mala sorte de ter unha enfermidade grave na familia, había que endebedarse de por vida para darlle a atención necesaria á



persoa doente.

Hai moitos máis motivos para o non, pero pensamos que estes dous son de abondo para manifestar o noso NON ROTUNDO a esta Constitución.

Como Secretaria Xeral do SLG, quero animarte a participar na campaña que estamos facendo dende o sindicato, para que ti tamén animes aos teus veciños e as veciñas a participar votando NON o día 20 de febreiro.



Lidia Senra
Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego

nº 229
Febreiro de 2005
FOUCE

A Consellaría de Medio Ambiente alíase coa industria para certificar os montes

Vén de impoñer a certificación de 50.000 hectáreas de bosques baixo o sospeitoso sistema PEFC

O pasado 17 de decembro, creábase en Pontevedra o Grupo Galego de Apoio á Certificación Forestal FSC. Entre os integrantes deste colectivo atopábase o Sindicato Labrego Galego, por considerar esta opción como a mellor para o noso país fronte ao sistema de certificación PEFC. Este último sistema de certificación, que é o que promoven as industrias da madeira, está sendo apoiado abertamente a Consellaría de Medio Ambiente que, recentemente, pasou das palabras aos feitos impoñendo a certificación de 50.000 hectáreas de monte coas siglas PEFC.

A finais de xaneiro, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega), a Federación Ecoloxista Galega (FEG), Greenpeace e WWF / Adena, rexeitaban publicamente a incorporación ao sistema de certificación forestal PEFC de 50.000 hectáreas de monte xestionadas pola Consellaría de Medio Ambiente.

Esta decisión, unida a outros apoios ao sistema PEFC, e a ausencia de representación da Consellaría no Grupo Galego de Apoio á Certificación Forestal FSC "revela a aposta do Goberno Galego polo sistema PEFC, de escasa credibilidade e desequilibrado a favor dos intereses produtivos da industria".

As asociacións ecoloxistas aportaron numerosos argumentos en contra do sistema de certificación PEFC: non é aplicábel a escala mundial; non recoñece o compromiso do propietario individual cos valores ambientais, sociais e culturais que xera o seu monte; non é froito da participación equilibrada nin do consenso dos sectores involucrados na xestión forestal; non garante un proceso de certificación transparente, e a etiqueta PEFC non asegura que un produto procede dun bosque certificado.



Só a madeira baixo o selo FSC ten a garantía de ter sido explotada dun xeito sostíbel

A Dirección Xeral de Montes decidiu a certificación PEFC de 50.000 hectáreas de montes que xestiona sen considerar seriamente a súa certificación baixo o sistema FSC.

Dos 105 montes certificados, 78 son de propiedade comunal e, alomenos nalgúns casos, certificáronse sen consultar ás comunidades de montes afectadas. Por riba, e se facemos caso das declaracións da Consellaría, este ano agárdase ampliar a superficie certificada a 100.000 hectáreas.

As organizacións ecoloxistas que denunciaron esta situación indicaron que "a Lei de Montes estatal di que as administracións públicas procurarán que as condicións de transparencia, voluntariedade, ausencia de discriminación e libre competencia deben cumprirse por parte de todos os sistemas de certificación forestal. En Galiza, a Consellaría de Medio Ambiente foi a primeira en atacar a libre competencia entre sistemas.

FSC: Certificación mundial garante dunha produción madeireira sostíbel

A certificación FSC (*Forest Stewardship Council*) está baseada en dez principios e 56 criterios, promovendo en todo o mundo unha xestión forestal ambientalmente responsábel, socialmente beneficiosa e economicamente viábel. FSC é unha organización non gobernamental e sen ánimo de lucro. A súa Asemblea Xeral está composta por tres cámaras: económica, social e ambiental. O FSC acredita ás entidades certificadoras, que son empresas encargadas de avaliar e certificar os montes e as "cadeas de custodia" (a liña de produción forestal dende a árbore ata o produto final). O selo FSC goza dun recoñecido prestixio e ofrece unha certa garantía aos consumidores e consumidoras de que o produto forestal que mercan foi producido dun xeito sostíbel.

En Galiza, constituíuse en decembro un grupo de apoio a este tipo de certificación, no que está integrado o Sindicato Labrego Galego. Ademais, tamén forman parte deste grupo de apoio Amigos da Terra, Asociación de Consumidores do Salnés, Adega, Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galiza, as comunidades de montes de Combarro, Meira (Moaña), Santomé de Piñeiro, as mancomunidades de montes veciñais de Castrove-Salnés e Terra Chá, a Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago, a Federación Empresarial de Aserradores e Rematantes de Madeiras de Galiza, FSC España, Ibersilva (grupo ENCE), Monte-Industria, Montes e Medio Ambiente Consultores SL, Norte Forestal SA, Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACCMM), e a Unión de Tecores de Galiza (Unitega).

PEFC: rexen os intereses económicos, e marxínanse os de tipo social e ecolóxico

En canto ao sistema PEFC (Sistema Paneuropeo de Certificación Forestal) elixido pola Consellaría de Medio Ambiente, ten recibido moitas críticas por asociacións ecoloxistas de toda Europa, en especial Greenpeace, que afirman que "non ten credibilidade porque foi promovido polos intereses das industrias forestais, e está gobernado por elas. No modelo PEFC prevalecen criterios económicos e marxínanse aos de tipo social e ecolóxico. Os membros do PEFC no Estado Español son boa expresión dos intereses perseguidos: fabricantes de taboleiros e de papel, empresarios e Asaja (Xóvenes Agricultores). A única institución pública de todo o Estado que forma parte do PEFC é a Consallaría de Medio Ambiente.

Os problemas máis graves do agro galego seguirán sen solucións no 2005

O plan estratéxico da Consellaría para este ano non toca cuestións coma os prezos ou o acceso á terra

O 19 de xaneiro, o Conselleiro de Política Agroalimentaria, Xosé Antonio Santiso Miramontes, presentaba con moito rebumbio as súas "novas iniciativas e plans estratéxicos para a agricultura e a gandería no 2005". Aínda que a cousa soaba ben, unha vez analizado o seu programa de traballo, o SLG descubriu que o novo Conselleiro seguirá, como os seus antecesores, sen tocar os problemas máis fondos que arrastra o agro galego como o acceso á terra da xente nova, a caída constante dos prezos agropecuarios, ou o peche masivo de explotacións.

Aínda que as intencións de Santiso Miramontes eran boas, alomenos sobre o papel -"incrementar as posibilidades do medio rural, evitando a perda de poboación e potenciando a produción, a formación e a calidade de vida neste ámbito"-, coas medidas propostas nunca se farán realidade.

O plan de Santiso Miramontes contempla modificar algunhas leis para favorecer aos parceiros e arrendatarios de predios históricos; ou para crear un Instituto Galego de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria e outro de Calidade Alimentaria. Tamén fala de poñer en marcha un centro de inspección e contraste de maquinaria agrícola, activar un programa de control e certificación de calidade no sector das plantas ornamentais, crear novas denominacións de orixe, aumentar o número de centros comarcais, potenciar o cooperativismo.

O desenvolvemento rural queda en mans, como ata o de agora, dos plans europeos Leader e Proder, que todos sabemos de que pe coxean e para quen acaban indo o meirande das axudas.

Dentro do plan inclúense outras medidas de sobra coñecidas, e que mellor podían gardalas. Así, dentro da *ambiciosa* estratexia da Consellaría se inclúen medidas para que Galiza se adapte á reforma da Política Agraria Común (PAC) ou a creación dun seguro que cubra a retirada de cadáveres de animais non bovinos das explotacións (respecto disto último, e das mobilizacións de protesta que está a provocar, hai cumprida información na reportaxe central deste Fouce). Coma di a expresión popular: *máis do mesmo*.



A pesares do diálogo ofrecido, o novo Conselleiro sigue a mesma liña dos seus predecesores

Trece novas denominacións de calidade agardan por un selo propio

Entre as novidades presentadas polo Conselleiro estaba a creación de trece novas denominacións de calidade: grelos de Galiza; faba de Lourenzá; torta de Santiago; pementos de Herbón, Oímbra e Arnoia; e a castaña, chourizo, xamón, botelo e androia de Galiza.

As catas de viños, augardentes, queixos e meles que se veñen celebrando dende hai varios anos, así coma os Premios Agrarios de Galiza, tamén foron presentados como parte do plan.

Cómpren medidas ambiciosas para garantir o acceso á terra da xente labrega

O Sindicato Labrego Galego saiu ao paso de todo este conxunto de medidas por consideralas totalmente ineficaces para as fins propostas, e inútiles para frear os problemas estruturais gravísimos que padece o noso agro coma o despoboamento do medio rural, o peche masivo de explotacións, ou a escasa incorporación de mocidade ás actividades agrarias.

En primeiro lugar, propostas como resolver a cuestión dos arrendamentos históricos para enfrontar a problemática do acceso á terra non deixan de ser testemuñais. Neste senso, cumprirían medidas máis ambiciosas como deter a política de forestación de terras agrarias vixente na actualidade ou, incluso, a recuperación de leiras forestadas -alí onde fose necesario- para volvelas destinar a actividades agropecuarias.

En segundo lugar, Santiso Miramontes esqueceuse no seu plan dunha materia pendente da súa Consellaría que resulta indispensábel para os diversos sectores agropecuarios: garantir a renda das explotacións. Así, o Conselleiro non dixo nin palabra sobre a necesidade de regular aspectos como as marxes comerciais da industria e das distribuidoras, as relacións interprofesionais entre os sectores produtivos e industriais, a creación de contratos homologados que garantan uns prezos dignos que cubran os custes de produción e remuneren dignamente o traballo labrego.

En terceiro lugar, no apartado da industrialización e comercialización dos produtos agrarios, o Conselleiro de Política Agroalimentaria só se referiu á exportación. Dende o Sindicato Labrego Galego rexeitamos esta orientación da agricultura, xa que a exportación de produtos supón a obriga de vender máis barato e de renunciar aos mercados locais. Pola contra, no SLG pensamos que para apostar polo desenvolvemento rural é necesario apoiar o acceso dos produtos agropecuarios galegos ao noso propio mercado interno con medidas como apoiar a creación de pequenas industrias comarcais en todo o país que recollan, transformen e comercialicen os nosos produtos; ou potenciación dos mercados locais e de proximidade, facilitando o acceso a eles e eliminando todas as trabas que existen na actualidade para a venda directa.

Por último, na cuestión de promover que a xente nova quede no agro e se incorpore ás actividades agropecuarias, cómpre activar plans dirixidos a dotar de servizos públicos de calidade ao medio rural, ou facilitar o acceso a unha vivenda independente.

En resume, o plan presentado polo Conselleiro de Política Agroalimentaria para o 2005 segue obviando os problemas fundamentais de labregos e labregas, e seguirá propiciando unha política da Xunta incapaz de solucionar o despoboamento e desertización do medio rural, o peche masivo de explotacións e sangría dos postos de traballo agrarios, ou a fuxida da xente nova do campo cara a grandes núcleos urbanos para desempeñar actividades que nada teñen que ver coa agricultura ou a gandería.

nº 229
Febreiro de 2005
FOUCE

O SLG esixe a gratuidade na retirada de animais mortos das explotacións

Durante o mes de xaneiro organizou concentracións e charlas informativas centradas no sector de ovino

Sen consultarllo a ninguén, Política Agroalimentaria decidiu obrigar ás explotacións labregas a mercar contedores para almacenar os animais mortos e a contratar un seguro que cubra a retirada de cadáveres das explotacións. A reacción do SLG non se fixo agardar e, durante o mes de xaneiro, tendo por protagonistas ás xentes do sector ovino, organizou concentracións ante as delegacións de Política Agroalimentaria en Lugo e Ourense, e charlas informativas por toda Galiza. Dende a organización sindical, agárdase que, en breve, a Consellería entre en razón.

O SLG, diante da imposición de Política Agroalimentaria á hora de obrigar ás explotacións a pagar un seguro e a mercar un contedor para asumir a recollida obrigatoria de cadáveres animais non bovinos (ovino, cabrún, avícola, equino e cunícola), realizou unha serie de charlas informativas por toda Galiza que culminaron, entre o 19 e o 20 de xaneiro, con dúas concentracións de protesta de numerosos labregos e labregas afectados ante as delegacións da Consellería en Lugo e Ourense

Coa asistencia en ambos actos da Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, e o responsábel do sector de ovino e cabrún na organización sindical, Xosé Antón Ledo, conseguiuse o 19 un encontro co xefe do Servizo de Sanidade e Produción Animal e Vexetal en Lugo, Gonzalo Fernández; e o 20, co secretario provincial de Política Agroalimentaria en Ourense. Ambas reunións aproveitáronse para facerlle chegar á Consellería as reivindicacións das explotacións labregas, que non poden asumir un novo custe destas características: gratuidade do servizo de recollida e non obrigatoriedade de mercar os contedores.



Varias ducias de gandeiros e gandeiras achegáronse á delegación de Lugo para protestar

Consellaría e aseguradora recoñecen que os contedores só teñen unha fin estética

Dende o SLG, reivindicouse que a recollida obrigatoria de cadáveres debería ser custeada pola Administración, xa que foi imposta por mor da crise das vacas tolas e obedece a motivos de sanidade pública. En canto aos contedores, e segundo Xosé Antón Ledo, "dende a Consellería, Agroseguros e a empresa recolledora, manifestouse que o tema dos contedores só persegue un efecto estético para que os animais non estean tirados á vista. Pero iso xa se evitaba ao tapalos cun plástico e deixándoos nunha zona onde puidesen ser facilmente recollidos polo camión e estivesen fóra do alcance de alimañas ou persoas que puidesen pasar preto, o cal xa se estaba a cumprir. Ademais non hai ningunha normativa sanitaria que obrigue a ter un contedor. Por todo isto, nós non entendemos que unha agrupación de empresas aseguradoras como é Agroseguro, que está aconsellada ou tutorada por Enesa (Entidade Estatal de Seguros Agrarios), que é a que marca e diseña as liñas de seguros, sexa a encargada de impoñer a condición de ter un contedor cun prezo que abala entre os 600 e os 850 euros, cando non teñen utilidade ningunha e só perseguen unha fin estética".

A maiores, á Xunta vaille saír moito máis caro ter que obrigar a contratar seguros e sufragar parte do seu custe, que continuar coa recollida gratuíta de cadáveres de ovellas e cabuxas, tal e como se viña facendo ata o de agora. En base aos datos aportados por Xosé Antón Ledo -12.000 animais recollidos no 2004 no sector do ovino e caprino-, Política Agroalimentaria tivo que gastar 114.000 euros; en caso de que este ano se aseguren todas as ovellas e cabuxas que hai no país, a broma sairalle á Xunta por uns 156.000 euros. E eses cartos serían só os que poñería a Administración, porque se xuntamos o que deben poñer tamén os labregos, asegurar a todas as ovellas e cabuxas de Galiza sairíalle ao sector por 528.000 euros (88 millóns das antigas pesetas).



A delegación da Consellería de Política Agroalimentaria en Ourense tamén tivo que escoitar as queixas do sector ovino

Nos sectores cunícola e avícola deberán mercar, ademais, un conxelador

Noutros sectores, o SLG pediu que a Consellaría aclare cales van ser as esixencias, particulares de cada un. Vexamos o que acontece nos principais:

■ No caso de **coellos e aves**, fálase da obrigatoriedade de ter un conxelador ademais do contedor, co cal os gastos dispararíanse aínda máis.

■ No sector do **porcino** non quedou claro aínda se estas obrigas afectan só ao sector industrial ou tamén ás explotacións familiares. Respecto a estas últimas, sería ridículo que unha explotación con un ou dous porcos tivese que ter un contedor valorado entre 600 e 850 euros para depositar o animal, cos gastos e dificultades que isto entraña, pois estamos a falar de animais que moitas veces superan os cen quilos.

■ No de **ovino e cabrún**, a maiores, expúxose a necesidade dunha axuda para poder vender os animais de desvelle, cuxa carne pode ser utilizada para fins menores coma pensos para cans, e os beneficios deixados poderían cubrir a recollida de cadáveres.

Vendo tanto despropósito nestas decisións, o SLG vai recomendar ás persoas afectadas que agarden ata que Política Agroalimentaria dea unha resposta ante estas reivindicacións e que, de ningún xeito, merquen contedores.

En canto á Consellería, o SLG demanda que se sente a dialogar coas organizacións agrarias para solucionar os problemas devanditos, e que non volva tomar decisións desta transcendencia sen consultarllas a ninguén.

O sector ovino galego ve innecesaria e inxusta a obriga de mercar un contedor

Aproveitando as concentracións de protesta das xentes do sector ovino galego, Fouce achegouse para falar con algunha destas persoas que, a pesares da diversidade de procedencias, manifestaron ter uns problemas comúns e coincidiron á hora de ver a obriga de mercar contedores para almacenar animais mortos como algo totalmente innecesario e inxustificado. As súas voces valeron para expresar as arelas e temores dun sector que non é alleo á problemática dos prezos baixos para os seus produtos e aos constantes aumentos dos custes.



Araceli Pillado Salgado
Fonmiñá, A Pastoriza

"O dos contedores semella só unha esixencia das aseguradoras"

Araceli Pillado ten a súa explotación en Fonmiñá, no Concello de Pastoriza, con 240 ovellas. Como a outras persoas que traballan no sector do ovino, a Araceli non lle ve utilidade a mercar un contedor, e mesmo o cualifica de "parvada", pois "o contedor está pensado para animais que non están identificados e que poden ir directamente do contedor ao camión sen ter que andar manipulando neles para mirarlles a identidade no crotal".

Outro dos argumentos que aporta respecto da inutilidade desta obriga é que "no caso do ovino temos a experiencia de que levan recollendo animais dende o intre que empezaron a recoller vacas, e nunca fixo falla contedor. E iso, a empresa que recolle sábeo, e tamén a Xunta. Polo tanto, parece unha esixencia unicamente da aseguradora, e supoño que poderá ir ben con outros animais, pero iso non acontece no sector do ovino".

Araceli tamén amosou a súa preocupación por outras medidas de futura implantación, como a identificación electrónica dos animiais, da que "aínda non sabemos absolutamente nada".



Xabier García Rodríguez
Antas de Ulla

"Se hai que poñer contedor, que o pague a Xunta ou a aseguradora"

Dende Antas de Ulla, Xabier García, que rexenta dende hai vinte anos unha explotación con 200 ovellas, non dubida en botar a pelota ao tellado da Administración ao dicir que "se efectivamente hai que poñer un contedor, ou ben que o pague a Xunta, ou ben que o pague a empresa aseguradora". Afirma isto diante dos inconvenientes dos contedores, pois "quérense para espaciar o tempo de recollida do gando cando morre polo que, se temos en conta que hoxe recollen un cadáver en 24 ou 48 horas, o contedor non é necesario".

Tampouco se conforma coas subvencións que aporta a Xunta neste particular. Di Xabier que "se cubrisen os custes totais do contedor, non tería nada que dicir. Pero os 250 euros que ofrecen chegan a pouco, tendo en conta que un contedor custa un mínimo de 600 euros e que, polo tanto, teremos que poñer, polo menos, 350". Tamén lembrou que "hai que pensar que debe instalar contedor quen ten máis de cincuenta ovellas; daquela, unha persoa que teña, por exemplo, só 55 ovellas, a compra do contedor vaille tirar cos beneficios de medio ano".



Mari Carme Fernández
Vilatuxe, Castroverde

"Mercar o contedor paréceme unha medida inxusta e innecesaria"

Dende Vilacote, en terras de Castroverde, e cunha explotación de 103 ovellas, Mari Carme Fernández pregúntase "Para que imos ter que meter unha ovella nun contedor? Ti chamas ao camión e tárdanche só un día en vir buscala. Paréceme unha medida inxusta, porque meter á ovella no contedor para despois ter que cargala no camión tendo, por riba, que mirarlle o crotal antes de levala, paréceme unha cousa totalmente innecesaria". Por riba, engade Mari Carme, "o custe do contedor pódeche saír por unhas 80.000 pesetas que debes desembolsar ti".

Este inesperado aumento dos custes relacionouno Mari Carme coa situación actual do sector ovino galego, que "vai para abaixo". A gandeira de Vilacote quéixase de nin sequera as axudas compensan, pois "son moi poucas". No seu caso particular, explicounos que "estou nunha zona na que teño bastante montaña e está considerada como desfavorecida pero, non embargante, danme moito menos que a unha zona de montaña e a min non me chega, pois teño custes como o da Seguridade Social a maiores".



Xosé Castro Díaz
Lamas Maiores, Portomarín

"Será negativo para as explotacións, sexan grandes ou pequenas"

Xosé Castro, propietario de 361 ovellas, coincide cos seus compañeiros e compañeiras en que "ter un contedor na explotación é algo innecesario; se levan aos animais mortos como agora, dun día para outro, non fai falla".

Xosé amosou o seu pesimismo ao recoñecer que "esta obriga vai afectar negativamente a todas as explotacións, sexan grandes ou pequenas". Xustificou isto explicando que "unha explotación ben levada xa ten moitos gastos, como a desparasitización do gando dúas ou tres veces ao ano. Tamén cómpre pensar que isto non é Castela; en Galiza, cunha estrutura da terra minifundista, temos explotacións moi pequenas que nos obrigan a traballar ata o último recanto para poder chegar a ter un animal máis ou aumentar un chisco a produción, o cal obriga a fortes investimentos en maquinaria e insumos".


Xosé Castro foi tallante ao afirmar que "todo isto en conxunto non só pon en perigo a viabilidade de moitas explotacións, senón que frea á xuventude á hora de incorporarse, pois a cada intre están a poñernos algún novo atranco".

nº 229
Febreiro de 2005
FOUCE

A transnacional Monsanto, culpábel de corrupción nos Estados Unidos

Tivo que pagar unha multa de 1'5 millóns de dólares por subornar para vender sementes en Indonesia

Os trapos sucios de Monsanto van saíndo, paseniño, á luz pública. No mes de xaneiro, a multinacional da manipulación xenética tivo que pagar unha indemnización de 1'5 millóns de dólares por corromper a políticos. Dándolle a volta á tortilla, Monsanto vén de presentar 147 demandas en Estados Unidos contra labregos e labregas que ousaron gardar as sementes que lles sobraron dun ano para outro para aproveitalas, como sempre fixeron.



A ilustración ironiza coas pretensións da multinacional Monsanto xogando a ser Deus

O xigante norteamericano da manipulación xenética, a transnacional Monsanto, tivo que abaixar as orellas nos seu propio país, aceptando pagar unha multa de 1'5 millóns de dólares para pór fin a ás acusacións de corrupción defendidas polo Departamento de Xustiza.

No procedemento xudicial, acusábase a Monsanto de ter subornado con 50.000 dólares a un alto cargo do Ministerio de Medio Ambiente de Indonesia para favorecer a autorización dun algodón transxénico. Grazas a este *agasallo*, Monsanto puido introducir o seu algodón manipulado en Indonesia no ano 2001, pero viuse obrigada a retiralo do mercado porque os produtores queixáronse de que o seu cultivo non era rendíbel. Segundo algunhas fontes, o suborno teríase pagado coa fin de evitar que se levasen a cabo estudios sobre o impacto que ten no medio ambiente este algodón.

Labregos e labregas aos tribunais

Sen saír dos tribunais, Monsanto tamén denunciou durante os últimos anos a 147 labregos e labregas dos Estados Unidos. O seu delicto foi gardar as sementes que lles sobraron dun ano para outro, tal e como fixeron xeración tras xeración; quizais esqueceran que no contrato que firmaron con Monsanto esixíaselles a obriga de mercar cada ano as sementes manipuladas da transnacional. Agora, enfróntanse a preitos nos que lles reclaman miles de millóns de dólares.

Senra e Cendán participaron en Estrasburgo nunhas xornadas sobre a PAC

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Lidia Senra, e o membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), Xosé Ramón Cendán, viaxaron a Estrasburgo para participar, o 14 de xaneiro, na conferencia "Política Agraria Común: novas perspectivas para os agricultores mozos", que organizou a Comisión Europea.

Neste encontro participaron personalidades coma o Presidente da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo, Joseph Daul, ou a Comisaria de Agricultura e Desenvolvemento Rural, Mariann Fischer Boel. Ademais das conferencias, tamén houbo espacio para dous debates que estiveron centrados na Política Agraria Común e na Organización Mundial do Comercio. Lidia Senra interveu como representante do Sindicato Labrego Galego, e Xosé Ramón Cendán fíxoo, a maiores, como membro da executiva da CPE.

Ambos defenderon unha PAC á medida das explotacións labregas, e non para satisfacer os intereses económicos das multinacionais e grandes distribuidoras.

Uniterre tacha de "roubo" a mingua no prezo do leite imposta por Nestlé

As denuncias sobre as prácticas irregulares e ilegais de Nestlé multiplícanse co paso dos anos nos catro puntos do planeta. E non se trata de comportamentos illados dalgunhas filiais mal controladas deste grupo multinacional, advirte o sindicato suízo Uniterre, tamén integrado na Coordinadora Labrega Europea (CPE) e na Vía Campesina.

Máis ben, explica, "trátase da aplicación dunha política de empresa planificada para exercer a máxima presión sobre todos os axentes económicos implicados nos seus negocios: labregos e labregas, fornecedores de produtos de base, empregados do grupo e subcontratados, clientela, etcétera).

Son millóns os labregos e labregas quen lle venden a Nestlé, directa ou indirectamente, as súas colleitas. Nestlé desprega todo o seu poder para minguar os prezos dos produtos mercados, tanto nos países en vías de desenvolvemento como nos países industrializados. No sur, Nestlé rexeita, por exemplo, pagar o café a un prezo equitativo coa escusa de non estimular a que os labregos e labregas aumenten a súa produción; no norte, pola contra, Nestlé reduce os prezos do leite, cando as cotas impiden os riscos dun aumento incontrolado da produción.

Neste senso, Uniterre vén de denunciar os baixos prezos impostos recentemente por Nestlé ás explotacións leiteiras francesas, razón pola que o sindicato suízo decidiu apoiar as acción de protesta organizadas pola organización -tamén integrada na CPE- Confédération Paysanne. Para Uniterre, "toda baixada dos prezos que supón a venda dun produto por baixo dos seus custes de produción debería estar considerada coma un roubo, e tratada como tal. Xa é hora de que os labregos e labregas reivindiquen para obter uns prezos que remuneren o seu traballo".

Asasinan a tres compañeiros Sem Terra no estado brasileiro de Pernambuco

Se no Fouce 227 dabamos a noticia de que cinco labregos dos Sem Terra foron asasinados no estado brasileiro de Minas Gerais, agora a nova repítese no estado de Pernambuco, no que foron asasinados tres compañeiros do MST en decembro. O primeiro dos crimes acontecía o 15 de decembro, no Acampamento Mahuinhos. A vítima foi o mozo de 29 anos, Josuel Fernandes da Silva.

A familia de Josuel xa sufrira numerosas ameazas e tentativas de agresión. Na data do homicidio, dous pistoleiros invadiron a casa de Josue, torturaron ao seu pai e, despois, pegáronlle dous tiros a el. As feridas causaríanlle a morte un día despois.

As outras dúas vítimas caerían o 17 de decembro. Aconteceu na facenda São Vicente, en Passira, que un grupo de familias ocupou en abril de 2003 viña sufrindo todo tipo de ameazas e agresións dende aquela. Recentemente, prenderan en flagrante delicto a catro pistoleiros aos que lles incautarán varias armas. Os irmáns Francisco Manoel e Edílson Rufino prestaron declaración contra eles. O resultado non se fixo agardar: na madrugada do 17 de decembro, varios pistoleiros encarapuchados asasinábanos a sangue frío diante da súa propia familia.

A piques de sair á luz a nova Lei contra a Violencia de Xénero

A Secretaría da Muller do SLG velará para que o texto cubra as especificidades das mulleres do rural



Moitas campañas de sensibilización tiveron que preceder á Lei contra a Violencia de Xénero

A Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego agarda que na aplicación da "Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero", que foi publicada no Boletín Oficial do Estado o pasado 29 de decembro e que está previsto que se aprobe a comezos deste ano, se teñan en conta as especificidades da zona rural, para superar a tradicional falta de recursos propia deste contorno, e poida ser realmente un instrumento válido.

Esta lei, longamente pedida polas asociacións de mulleres e que foi aprobada por unanimidade na Cámara Baixa, recolle tanto medidas preventivas e educativas, como iniciativas de protección e asistencia ás víctimas.

A nova lei aposta pola creación de servizos de atención e información inmediata, centros de emerxencia para asistir ás mulleres maltratadas e aos seus fillos e fillas, asistencia xurídica especializada e gratuíta, así como axudas económicas que lles faciliten ás víctimas comezar unha nova vida: formación para o emprego, acceso prioritario a vivendas de protección oficial, bonificacións a empresas que contraten a mulleres maltratadas, etcétera. Ademais, as vítimas terán dereitos laborais específicos tales como adaptar ou reducir a xornada de traballo, mobilidade xeográfica, dereito ao troco do centro de traballo, suspensión da relación laboral con reserva do posto de traballo ou extinción dun contrato de traballo cobrando o subsidio de desemprego.

Endurecemento dos castigos aos agresores

O texto prevé a creación de xulgados de igualdade en cada provincia ou capital, nos cales os xuíces ou xuízas poderán adoptar distintas ordes de protección que, segundo a gravidade dos casos, van dende a saída do agresor, o afastamento e suspensión das comunicacións, ata a privación da patria potestade e a custodia de menores, ou a suspensión do réxime de visitas.

Tamén se reforzarán as penas contra os agresores: as ameazas leves poderán ser sancionadas con prisión de seis meses a un ano e o xuíz ou xuíza poderá inhabilitar ó agresor para o exercicio da patria potestade ata cinco anos. En lesións agrávase a pena de dous a cinco anos cando a víctima sexa a compañeira sentimental, aínda que non houbese convivencia.

As ameazas e coaccións graves pasan de ser faltas a delitos cando as cometa un home sobre unha muller, parella ou ex parella, ou cando a vítima sexa unha persoa especialmente vulnerábel (menores, persoas anciás ou minusválidas).

Entre as principais novidades están a creación dos xulgados de violencia sobre a muller, a creación da figura do fiscal contra violencia sobre a muller, o tratamento penal para os agresores e a creación da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero.

Na lei menciónanse, asemade, programas de adecuación do regulamento penitenciario para o inicio de programas de tratamento e rehabilitación de agresores, así como medidas relacionadas coa educación e co ámbito da publicidade.



Cada curso celebrarase en varios lugares de Galiza. Se desexas máis información, pregunta na túa oficina do SLG máis achegada.

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

Fundación Tripartita

HORAS	DENOMINACIÓN
30	AGRICULTURA ECOLÓXICA. BÁSICO
30	APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS. USO AGRÍCOLA
25	APLICACIÓN RACIONAL DOS MEDIOS DE PRODUCIÓN
40	ARTESANÍA ALIMENTARIA
50	ARTESANÍA EN CERÁMICA E MADEIRA
30	CATA E ELABORACIÓN DE VIÑOS
25	CURSO BÁSICO DE INTERNET E COMERCIO ELECTRÓNICO
30	ELABORACIÓN ARTESANAL DE PRODUTOS ALIMENTARIOS
20	FRUTICULTURA
20	HIXIENE, SANIDADE E CALIDADE NA PRODUCIÓN DE VACÚN
30	INFORMÁTICA USUARIO: INTRODUCIÓN ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS INFORMÁTICAS
60	INFORMÁTICA APLICADA A EMPRESA AGRARIA
30	NOVAS TECNOLOXÍAS NO CULTIVO DA VIDE
25	ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS
40	PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS
20	PODA DE ÁRBORES
30	PREVENCIÓN DE RISCOS LABOAIS NA ACTIVIDADE AGRARIA
40	RESTAURACIÓN DE MOBLES E FERRAMENTAS DO CAMPO
25	TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN
35	XARDINERÍA I: ARTE FLORAL

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

nº 229
Febreiro de 2005 FOUCE

O presidente do Craega segue a vulnerar a lei nos plenos

Convócaos fóra de prazo e segue sen aportar documentos dos orzamentos

Outra vez máis, o presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega) convocou un pleno rachando coas regras establecidas. Foi o 22 de decembro, e obviou normativas referentes á periodicidade, á aprobación dos orzamentos anuais, e mesmo aprobou a acta sen entregar copia aos membros do consello.

Para a vocal do SLG no Craega, Ágatha Bröskamp, trátase "das mesmas burradas de sempre, sen facer caso nin do Parlamento de Galiza nin do Valedor do Pobo".

Respecto a estas violacións normativas, cómpre lembrar que é obriga facer os plenos cun intervalo máximo de tres meses, é dicir, que teñen periodicidade trimestral. Non embargante, o presidente do Craega, Gabino Vázquez, interpretou iso como "dentro de cada trimestre natural", de maneira que entre dous plenos poderían pasar ata seis meses. Así, entre as dúas últimas sesións plenarias pasaron catro meses e medio. Para Bröskamp, "así non pode haber órgano que funcione ben".

En canto aos orzamentos, que son o asunto máis importante do ano, foron simplemente relatados polo presidente mediante un "bombardeo verbal de cifras mesturadas con ataques ao Sindicato Labrego e á súa vocal", sen facilitalos impresos en papel. Un chanzo máis na teima de Gabino Vázquez de non dar documento algún que a vocal do SLG poida estudiar e analizar.



Bröskamp ten denunciado a Gabino vázquez ante o Valedor do Pobo

Entre as acusacións vertidas por Gabino Vázquez contra o SLG no transcurso do último pleno, hai algunhas que non teñen desperdicio: "O SLG critica as subvencións agroalimentarias e o desacoplamento; quéixase dos prezos altos de inscrición no Craega, cando son os máis baixos que hai; a postura do vocal do SLG no Consello Regulador de Ternera Gallega no tema dos piensos ecolóxicos; baixou o ritmo de crecemento das inscricións no Craega por culpa do SLG; o SLG só se busca rendemento político; o SLG recomendou a declaración de cotas de leite máis baixas; o SLG espanta persoal; que nun congreso de Barcelona, un traballador do SLG falou do cacique Gabino; etcétera, etcétera.

En resume, Gabino Vázquez botou no pleno vinte minutos seguidos facendo acusacións e falando sen parar contra o SLG. E o secretario quéixase de que o 50 % do seu traballo ten que dedicalo aos asuntos relacionados "coa actitude do SLG no Craega".

A DTA presentará alegacións ao borrador do Regulamento Interno do Craega

Na súa última xuntanza -á que asistiron trece labregos e labregas, ademais dun traballador do SLG e a nova animadora do sector, Silvia González- a Dirección Transversal de Agroecoloxía (DTA) fixo reflexionou sobre o tema do prezos; fixou o próximo congreso sectorial para decembro do 2005; e decidiu retomar as xornadas de formación, centrando a seguinte en horta, e fixándoa para o mes de abril na Pobra do Caramiñal. As xornadas sectoriais foron momentaneamente suspendidas, xa que estaban empezando a resultar algo repetitivas para a xente que asistía sempre, pero agora falouse de retomalas e ver de que xeito se poden volver abordar.

Outro dos temas da xuntanza consistiu en informar sobre o borrador do Regulamento Interno do Craega e as dificultades que se presentan á hora de facerlle alegacións, xa que este documento non respecta normativas vixentes como a Orde de Creación do Craega e o decreto que regula os procesos electorais dos consellos reguladores en Galiza. No que respecta ao regulamento, pedíuselle á Consellaría que informe sobre se vai derrogar estas normas vixentes, cousa que non se contempla no borrador, ou ben retirar do borrador do Regulamento os puntos que se contradín con estas normativas.

Ata o de agora, a Dirección Transversal elaborou unhas alegacións que amosan as contradicións entre o o borrador e a normativa vixente. Cando conteste a Consellaría, saberase sobre que texto se pode traballar e faranse as correspondentes alegacións sindicais.

O Conselleiro interésase pola agricultura ecolóxica

O Conselleiro de Política Agroalimentaria interesouse pola agricultura ecolóxica e, para iso, visitou a empresa propiedade do presidente do Craega. Os medios publicaron as cifras de negocio desta empresa en 2003, que foron duns 160.000 euros, percibindo 190.000 euros en subvencións. Tamén deron datos sobre a agricultura ecolóxica en Galiza, tales como que o Craega ten na actualidade 269 produtores e 47 elaboradores inscritos que producen por un valor de catro millóns de euros.

Novas referencias na biblioteca técnica sobre agricultura ecolóxica do SLG

No SLG existe unha biblioteca con información técnica sobre a agricultura ecolóxica que está a disposición dos afiliados e afiliadas interesados en consultala.

As adquisicións máis recentes que podes pedir son as seguintes: *Calendario Biodinámico 2005*, consistente nun almanaque que, baseándose na astroloxía, indica os días propicios para facer os labores agrícolas e de apicultura. Este almanaque clasifica os cultivos en "folla", "raíz", "flor" ou "froito" e, en función disto, adxudícalles uns días para traballalos.

Tamén se mercou o recentemente editado *Conocimientos, técnicas y productos para la agricultura y ganadería ecológica* de Juana Labrador. Ademais, chegounos hai pouco o último número da revista especializada en temas de agricultura ecolóxica La Fertilidad de la Tierra, da que temos todos os exemplares anteriores.

A maiores, tamén se pode atopar na biblioteca do SLG un libro do ano pasado editado pola Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica (SEAE) moi bo sobre *Diversidade Espacial* (asociacións, rotacións e sebes). Todas estas referencias son as últimas incorporacións en canto a información técnica se refire. Se estás interesad@ en algo disto, non dubides en poñerte en contacto con nós e farémoscho chegar.

✓ *Trocos nos sectores porcino e avícola ecolóxicos*

Houbo cambios na normativa de produción ecolóxica que afectan a pitos e porcos e que modifican a idade na que poden entrar na explotación ecolóxica animais de orixe convencional para constituir fatos ou rabaños, cando non se dispoña de animais de orixe ecolóxica. A nova normativa afecta ás persoas que certifiquen en ecolóxico nestas producións.

Se queres máis información, chámanos ao 981 55 41 47.

✓ *Fe de erros no Fouce 228*

No pasado Fouce anunciabamos a posibilidade de entrar no listado estatal de produtores e produtoras de ecolóxico que está a elaborar COAG (www.coag.org / sectores). O número de teléfono que dabamos estaba errado no prefixo. O correcto é o 91 5346391.

Política Agroalimentaria e Medio Ambiente convocan novas axudas

Gasóleo, parques naturais, danos do lobo, ICM, e primas lácteas e gandeiras, entre as novas convocatorias

A moitas das axudas convocadas por Política Agroalimentaria en decembro, súmanse agora novas subvencións que se publicaron en xaneiro, tanto por parte desta Consellaría como pola de Medio Ambiente. Neste Fouce, ademais de manter as que aínda seguen vixentes, facemos unha reseña das que teñen que ver coas compensacións á suba do gasóleo; as destinadas a paliar os danos do lobo sobre o gando; as de fomento de accións da poboación local en parques naturais; e as destinadas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria.

Axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria

Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se regulan as solicitudes, no ano 2005, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria e se establece o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas en Galiza.

O prazo para a presentación das solicitudes de axuda por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún, prima láctea e indemnización compensatoria, empezará o día 1 de febreiro de 2005 e finalizará o día 11 de marzo de 2005.

Ademais do anterior:

a) As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata el 31 de decembro de 2005.

b) As solicitudes de primas ao sacrificio presentaranse dentro dos catro meses seguintes á data de sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos:

a) Do 1 ao 31 de marzo de 2005.

b) Do 1 ao 30 de xuño de 2005.

c) Do 1 ao 30 de setembro de 2005.

d) Do 1 de decembro de 2005 ao 15 de xaneiro de 2006.

Se desexan máis información, poden achegarse para realizar ás súas consultas á súa oficina do Sindicato Labrego Galego máis cercana.

Compensación á suba do gasóleo en explotacións e cooperativas agrarias

Orde conxunta do 21 de xaneiro de 2005, das consellarías de Política Agroalimentaria e Medio Ambiente, pola que se establece un procedemento para solicitar axudas destinadas a paliar a incidencia no sobrecusto do gasóleo agrícola nos resultados económicos das explotacións e cooperativas agrarias.

A axuda consistirá nunha subvención directa de 0,06 euros por litro de gasóleo B de uso agrícola, xustificado por facturas ou cheque gasóleo bonificado, cun límite máximo de 3.000 euros por beneficiario.

O **prazo de solicitude** remata o **28 de febreiro de 2005**. Máis información no SLG.

Axudas para paliar os danos económicos producidos polo lobo

Poderanse acoller a estas axudas @s propietari@s de reses das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando haberá de estar identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto.

Os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos deberán ser comunicados antes de que transcorran 24 horas desde o ataque.

Poderanse presentar **solicitudes** de axuda ata o **25 de outubro de 2005**.

Axudas ao desenvolvemento sustentábel en parques naturais

Serán actividades subvencionables, entre outras, o desenvolvemento agrícola, gandeiro ou forestal que contribúan á conservación da biodiversidade e ao desenvolvemento sustentable; a realización e a mellora de infraestruturas e de equipamentos que teñan por obxecto a protección do medio natural, o desfrute dos seus valores naturais ou o incremento da calidade de vida dos seus habitantes; ou recuperación de elementos de carácter arquitectónico, incluído o acondicionamento exterior das vivendas rurais.

O **prazo** para solicitar estas axudas remata o día **9 de febreiro de 2005**.

Axudas á mellora de explotacións e para a instalación de mozos e mozas

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias e se convocan para o ano 2005.

A presente sección ten por obxecto establecer a convocatoria, para o ano 2005, das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias en Galicia, de acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 7 de xuño de 2002, (Diario Oficial de Galicia nº 113, do 13 de xuño), na sección primeira da Orde do 19 de decembro de 2002 (Diario Oficial de Galicia nº 250, do 27 de decembro) e na sección primeira da Orde do 23 de decembro de 2003 (Diario Oficial de Galicia nº 253, do 31 de decembro) e as modificacións introducidas pola presente orde.

Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder ás distintas liñas de axuda (B, A, P e R) previstas no artigo 1º da Orde do 7 de xuño de 2002, os beneficiarios deberán cumprir os requisitos establecidos respectivamente no artigo 2º da dita orde, para plans de mellora previstos no Real decreto 613/2001; no artigo 9º, para as axudas á primeira instalación de agricultores mozos previstas no dito real decreto; e no artigo 14º para outros plans de mellora; así como as modificacións recollidas no Real decreto 1650/2004, nas ordes do 19 de decembro de 2002, do 23 de decembro de 2003 e na presente orde, en cada caso.

2. As ditas axudas teñen por finalidade a mellora e modernización das explotacións agrarias galegas, no marco do obxectivo establecido nos capítulos I e II do título II do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio.

As axudas a investimentos mediante plans de mellora aplicaranse aos fins indicados no artigo 5 do Real decreto 613/2001, coas excepcións contidas no punto 2º do mesmo artigo.

O investimento en adquisición de maquinaria previsto no plan de mellora, incluído o tractor de ser o caso, poderá chegar ata o 35% do volume máximo de investimento establecido no primeiro parágrafo do artigo 7.1.A), segundo o tipo de peticionario e o número de UTA e/ou socios agricultores profesionais.

No caso de investimentos en equipamentos de muxidura, deberán axustarse, no relativo á instalación e funcionamento, ao establecido na norma UNE 68050/98.

No caso de investimentos en equipamentos de refrixeración de leite, deberán cumprir os requisitos da norma UNE-EN 13732/03.

Para os casos de primeiras instalacións de moz@s motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria; ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo ficará aberto ata o 30 de novembro.

O **prazo de presentación** de solicitudes comezou ao día seguinte da publicación da orde no DOG (22 de decembro de 2004) e rematará o **5 de marzo de 2005**.

Plan Emega para a integración laboral das mulleres e apoio a emprendedoras

Resolución do 15 de decembro de 2004 sobre subvencións para a creación de empresas de integración laboral da muller como estímulo a mulleres emprendedoras de Galiza (programa Emega). Para mulleres que se establezan como autónomas ou se constitúan baixo unha forma societaria de carácter unipersoal; ou mulleres desempregadas que se unan ou asocien, e creen postos de traballo de, polo menos, dúas das mulleres. Estas axudas están destinadas a sufragar gastos derivados da posta en marcha e funcionamento das empresas que teñan o inicio da súa actividade entre o 1 de marzo de 2004 e o 28 de febreiro de 2005.

Axudas

1. As axudas consistirán nunha subvención, e por unha soa vez, que como máximo será de 18.000 euros. Esta subvención non poderá superar o 50% do orzamento total do proxecto reflectido no programa de investimentos deducido o importe correspondente á provisión de fondos, e a súa concesión será compatible con outros programas elaborados polas administracións públicas, agás que se trate de subvencións do mesmo tipo, concepto e finalidade. A suma total das axudas percibidas para o desenvolvemento do proxecto non pode exceder do 55% do custo total.

2. Estas axudas están destinadas a sufragar gastos derivados da posta en marcha e funcionamento das empresas que teñan o inicio da súa actividade entre o 1 de marzo de 2004 e o 28 de febreiro de 2005. Consideraranse gastos susceptibles de subvención a man de obra empregada na reforma ou adecuación do local, a adquisición de primeiras mercadorías (durante o primeiro mes da actividade) co límite máximo de 3.000 euros, o material funxible, o aluguer do local e maquinaria, os gastos correntes , e os gastos de elaboración do cartel informativo.

O prazo para solicitar estas axudas rematará o 28 de febreiro de 2005.

Compensación do lucro cesante pola erradicación de enfermidades animais

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades dos animais.

O obxecto desta orde é establecer axudas para compensar o lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira por motivos de EEB ou outras enfermidades sometidas a programas de erradicación.

Serán beneficiarios e beneficiarias destas subvencións @s titulares daquelas explotacións nas que se sacrificasen de forma preventiva todos os animais ruminantes por motivos de sospeita e/ou confirmación de encefalopatías esponxiformes transmisibles, ou doutra enfermidade sometida a un programa oficial de control e erradicación.

O **prazo de presentación** de solicitudes rematará o **21 de novembro de 2005.**

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando nos programas de erradicación de enfermidades animais para 2005.

Poderán ser beneficiarios os titulares dos animais que se sacrifiquen por resultar reaccionantes ás probas diagnósticas de tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún, ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes, serán indemnizados conforme o establecido nos artigos seguintes; os titulares dos animais e os seus produtos de calquera especie sacrificados e/ou destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles, tamén serán indemnizados de acordo co establecido nos artigos desta orde.

As contías das indemnizacións serán as que correspondan en cada momento segundo os baremos ou prezos oficiais oficialmente aprobados polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

No caso dos animais o produtos sacrificados ou destruídos por motivo das encefalopatías esponxiformes transmisibles, cando a aplicación dos prezos citados non acade o valor medio normal dos animais ou produtos nos mercados de referencia, incrementarase cunha achega complementaria ata que sexa un importe equivalente.

Para poder ter dereito as indemnizacións establecidas nesta orde é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre sanidade animal, programas de erradicación de enfermidades animais e vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

O **prazo de presentación** de solicitudes, coas que se relacionarán os crotais dos animais dos que se solicita a indemnización, será desde o día seguinte da data de publicación da presente orde ata o **21 de novembro de 2005**, incluíndo esta data no cómputo do prazo.

Fomento do asociacionismo agrario e do redimensionamento empresarial

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galiza.

Serán beneficiari@s:

a) As cooperativas de carácter agropecuario, que se constitúan en comarcas ou sectores onde o asociacionismo sexa inexistente ou estea escasamente desenvolvido, coa finalidade de realizar a transformación e comercialización das producións dos socios dunha forma conxunta.

b) As cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT de explotación en común, que se constitúan para mellorar as condicións de vida e de traballo dos agricultores e gandeiros e para adaptar a produción ás necesidades do mercado e afrontar a súa comercialización conxuntamente.

c) As cooperativas e SAT resultantes de procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa no sector agrario que, como consecuencia dos devanditos procesos, incrementen significativamente a súa dimensión empresarial ou aforren custos, coa finalidade de estaren en disposición de adaptaren a súa produción ás necesidades do mercado e de afrontaren a transformación e/ou comercialización dos produtos agroalimentarios dunha forma conxunta e con maior viabilidade.

d) As cooperativas e SAT que realicen ampliacións do seu capital social e fondos fixos, admitindo agricultores e gandeiros como novos socios.

As actividades subvencionabeis serán estudos de viabilidade previos, memorias técnicas, estudos socioeconómicos, auditorías e balances de fusión, programas de investimentos e actividades e outros informes que sexa necesario realizar para avalar a constitución de novas entidades asociativas e os procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa que se pretenden levar a cabo, así como os gastos de asesoramento e elaboración de estatutos, tramitación, notario e demais gastos administrativos iniciais.

A contía poderá chegar ata o 80% destes gastos, cun límite máximo de 24.000 euros. Ningún beneficiario poderá recibir axudas por máis de 100.000 euros nun mesmo período de 3 anos.

Tamén se financiarán investimentos que realicen as entidades asociativas para favorecer a transformación e/ou comercialización das súas producións, e para a ampliación e diversificación produtiva e a conservación do ambiente.

O prazo para rematar os procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa, así como a constitución de novas cooperativas e SAT, termina coa finalización do exercicio en curso.

Mellora da eficiencia de xestión técnico económica nas explotacións agrarias

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se convocan as axudas para a mellora da eficiencia da xestión técnico-económica das explotacións agrarias para o ano 2005.

Poderáselles conceder ás agrupacións e asociacións agrarias que o soliciten unha axuda para a creación ou incremento de servizos de axuda á xestión das explotacións destinada a contribuír á cobertura dos custos de funcionamento.

A axuda concederase para sufragar o custo da actividade dos axentes encargados da xestión técnica, económica, financeira e administrativa de cada unha das explotacións agrarias.

Poderán ter acceso a estas axudas as agrupacións e asociacións agrarias nas cuxa forma xurídica sexa a dunha cooperativa, SAT ou agrupación de agricultores, formalmente constituída, mediante documento subscrito por todos os seus membros. .

O **prazo de presentación** de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG e rematará o día 5 **de marzo de 2005**, ambos os dous inclusive.

Axudas á compra de gando para restituir animais mortos en sacrificio obrigatorio

Orde do 21 de decembro de 2004 pola que se regulan e convocan axudas para a compra de gando bovino que teña por obxecto a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais

En todos os casos, cómpre ter sacrificado obrigatoriamente aqueles animais de especies susceptibles de padecer a enfermidade e que foron diagnosticados positivos; ter efectuado, previamente á reposición dos animais, a limpeza e desinfección da explotación de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente.

Os animais da especie bovina obxecto da subvención deberán proceder de explotacións con cualificación sanitaria e libre de EEB.

O **prazo** de presentación de solicitudes para esta liña de axudas comezou ao día seguinte da data de publicación da presente orde no Diario Oficial de Galiza e estará vixente ata o **21 de novembro do ano 2005**, incluída esta última data no cómputo do prazo.

Axudas para implantar a recollida de subprodutos animais nas explotacións

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas para a implantación dun sistema de recollida de subprodutos animais nas explotacións agrarias.

Estas axudas van destinadas ás explotacións de gando porcino, avícola e cunícola; e ás explotacións de ovino e cabrún que cumpran coa normativa de saneamento gandeiro.

A contía das axudas poderá chegar ata:

a) Un 40% do prezo do contedor, que se incrementará ata o 50% en zonas desfavorecidas. O número de contedores subvencionables será de 1 por unidade de produción cunha capacidade máxima de 1.000 litros.

b) Un 40% do prezo dos conxeladores, que se incrementará ata o 50% se a explotación se atopa nunha zona desfavorecida. O número máximo de conxeladores subvencionables será de 1 por explotación.

O **prazo para solicitar e xustificar** estas subvencións chegará, como máximo, ata o **30 de xuño de 2005**.

Axudas para investir en transformar e comercializar produtos agrarios

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2005 as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2000-2006.

Para poder acceder a estas axudas para os investimentos en transformación e comercialización, deberanse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 4 de xuño de 2001 (DOG nº 113, do 12 de xuño) pola que se establecen as condicións de concesión de axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios durante o período 2000-2006, modificada pola Orde do 20 de novembro de 2001, Orde do 12 de febreiro de 2003 e Orde do 29 de abril de 2004.

Estas axudas, teñen por finalidade contribuír aos investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións galegas para transformación e comercialización de produtos agrarios.

O **prazo** para realizar a solicitude rematará o vindeiro **1 de abril de 2005.**

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
tanque FONTSERE de 640 litros en Xermade.
Chamar ao 982 177 878

Véndese
empacadora con encarte de 1'80 metros.
Chamar ao 986 755 262

Véndese
segadora rotativa DEUTHZ FAHR de 1'97 metros de ancho de traballo. Seminova.
Chamar ao 981 788 210. Sábados e domingos

Véndese
herba seca en paca grande, en Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 982 393 241

Véndese
40 rulos de herba seca en O Corgo (Lugo).
Chamar ao 982 176 748

Véndese
rotoempacadora e encintadora de rolos. Seminovas.
Rolos de silo de herba da campaña pasada.
Preguntar por Martín nos tlfnos. 982 144 102 e no 626 309 186

Véndese
desensiladora KUN e Renault Laguna.
Chamar ao 659 659 418

Véndese
unha vaca de raza frisona (pai e nai con carta xenealóxica), próxima ao parto.
Chamar ao 981 793 506

Véndese
circuíto de muxido, marca ALFA LAVAL, con lavado automático. De tres puntos, e con opción a catro.
Preguntar por Martín nos teléfonos 982 144 102 e 626 309 186

Véndese
cisterna de 7.000 litros con dobre eixe, 4 anos de uso, matriculada.
Tlfnos. 982 160863 / 696 004515

Véndese
pacas de palla grandes de 80x90x2'30.
Chamar ao 988 454 936

Véndese
invernadoiro multitúnel de 1.500 metros cadrados, con catro anos de uso. Fabricado por Invernadoiros TRIGO.
Preguntar por Basilio no teléfono 655 969 680

Véndese
tractor John Deere 717 con apeiros.
Chamar ao 982 172 663, ao mediodía

Véndese
báscula electrónica con impresión para uso de froitaría, carnizaría, etcétera. Na Estrada.
Chamar ao 626 947 266

Véndese
explotación agraria: vivenda, nave de vacún de 36 prazas con foxa, almacén de maquinaria, etcétera; e 15 hectáreas de praderías. En Abadín (Lugo).
Chamar aos teléfonos 982 508 233 e 625 834 653

Véndese
tanque de 1.060 litros, trifásico, dúas muxiduras e catro anos de uso. Na zona de Meira.
Preguntar por Xosé Antonio no 626 331 612

Véndese
invernadoiro de 500 metros cadrados.
Preguntar por Ana, a partir das 17.00 horas, no 605 929 232

Véndese
mesturador de 10 metros cúbicos do ano 1999.
Chamar ao 666 815 217

Véndese
cisterna de 3.000 litros marca CARRUXO. En bo estado e matriculada.
Chamar ao 982 160 057

Véndese
explotación de 80 ovellas.
Chamar aos teléfonos 988 304 587 ou 669 384 533

Véndese
carro mesturador de 9 metros con fresa. Seminovo.
Chamar ao 676 414 984

Véndese
tractor BARREIROS R 335S en bo estado, coa ITV pasada.
Chamar ao 981 792 392

Véndese
rotativa de 1'65 metros de ancho de corte e cisterna de 3.000 litros.
Chamar ao 677 244 325

Véndese
Rodas de cisterna de 1.500 litros, novas. PIRELLI 1M81 10.0-80-12 (850-12) 6.P.R.
Chamar ao 981 362 524 e ao 620 623 027

Véndese
explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel nos teléfonos 988 419 112 ou no 988 419 035

COMPRAS

Mércase
alambique para facer augardente.
Chamar ao 981 362 524 e ao 620 623 027

Mércase
segadora pequena, con peite entre 0'90 e 1'20 metros.
Chamar ao 988 208 099

Mércase
touro de carne.
Chamar a Pilar ao 981 195 485

Mércase
remolque homologado para coche.
Chamar ao 982 441 370, a partir das 20:30 horas

OUTROS

Precísase
persoa para traballar en invernadoirosde flor na zona de Oleiros.
Preguntar por Fran no teléfono 696 967 369

Búscase
traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgas (Ourense).
Chamar ao 686 304 617

Búscase
traballador/a para explotación de ovino en Maceda (Ourense).
Chamar ao 988 438 605

Necesítase
empregad@ para explotación de leite na zona de Guitiriz, (Lugo). Requisitos:
-Carné de conducir B1
-Manexo de maquinaria agrícola
-Coñecemento do traballo dunha explotación agrícola
As persoas interesadas poden chamar ao teléfono 982 153 367

* * *

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Porque queremos seguir sendo labregos e labregas

Porque queremos seguir vivindo do noso traballo na nosa terra



Porque outra Política Agraria Común que respecte a soberanía alimentaria dos pobos é posíbel



Porque queremos unha agricultura labrega e de calidade





Porque queremos ofrecerlle alimentos sans á xente

NON

á Constitución Europea



Sóbrannos motivos

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS